



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

**Expte: 2021/G007/000045**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do dous de decembro de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e dona Jessica Sabín Fernández. Non asiste por causas xustificadas don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

**Orde do Día**

**PARTE RESOLUTIVA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DE 25.11.21 (ORDINARIA).**

A referida acta quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes.

**2º.-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: PISTA POLIDEPORTIVA E DÚAS PISTAS PÁDEL ESPAZO DEPORTIVO ATIOS**

**Expediente. 2021/C003/000004**

Tramitado expediente de contratación referido, do que se desprenden os seguintes antecedentes:

Efectuados os trámites preparatorios adoptouse acordo de aprobar a contratación en Xunta de goberno local en sesión 26.08.21, mediante procedemento aberto, único criterio de valoración: factor prezo e tramitación ordinaria.

O proxecto técnico da obra redatarono a arquitecta Victoria Alonso Caeiro, COAG 3013 e o arquitecto Pedro Garat Caramé, COAG 3577.

Importe do proxecto sen IVE.- 205.384,46 €; IVE.- 43.130,74 € e un TOTAL 248.515,20 €.

O proxecto de obra está inculdo no Plan POS+2021, Achega provincial 2020; co seguinte financiamento:

Deputación.- 200.227,77 euros

Concello.- 48.287,43 euros

Publicitado anuncio no perfil do Contratante; aperturados os sobres da documentación administrativa (A) por Mesa de Contratación en sesión de 07.10.21; resultando coma única empresa licitadora EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A; CIF A-15352735 que queda admitida; aperturado o sobre de Oferta económica (C), en sesión de 25.10.21; oferta adaptada ao modelo e na que fai constar entre outras que:

.- Non concorre con empresas vinculadas.

.- Que ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE.- 201.276,77 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 42.268,12€

C) Total: (A+B) .- 243.544,89 €

Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

UNIDADES OU PARTES DE OBRA A SUBCONTRATAR	IMPORTE IVE INCLUIDO	NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA
Sistema envolvente	45.449,60€	Empresa especializada
Instalaciones	4.763,06€	Empresa especializada
TOTAL	50.212,66€	

CONSIDERANDO os antecedentes, e a proposta da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de outubro de 2021, adoptou o seguinte **ACORDO**:

**“PRIMEIRO**.- Presentada como única empresa licitadora que foi admitida e presenta oferta económica sen incurrir en anormalidade, de conformidade co estipulado no punto 16.- Adjudicación en concreto 16.1.- Requerimento de documentación ao licitador que presentara a mellor oferta, do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación,

**REQUERIR a dito licitador (EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A** para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada no dito punto 16.1 do citado prego; incluído o documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe do prezo final do contrato, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da LCSP.

De non atenderse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirará a súa oferta, continuándose cos trámites que procedan”.

En data 18.11.21, con rexistro entrada 202199900001801, a empresa Eulogio Viñal, Obras y Construcciones SA presentou a documentación previa á adjudicación; que examinada, considerase correcta,

Constatase a existencia no expediente dos informes acreditativos de que dita empresa non posúe débedas con este Concello, constatase no expediente informe de fiscalización da interventora municipal,

Visto o exposto, a **Xunta de Goberno Local**, nesta sesión de 2 de decembro, **en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión**, adoptou os seguintes **ACORDOS**:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A; CIF A-15352735 as obras contidas no proxecto: Pista polideportiva e dúas pistas pádel espazo deportivo Atios; co seguinte prezo:

.-Prezos sen IVE.- 201.276,77 €  
.- (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 42.268,12€  
.- **Prezo total: (A+B) .- 243.544,89 €**

**Cun prazo de execución de 6 MESES.**

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto correspondente, dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria 342.60900.

**TERCEIRO.-** Nomease como Directora da Obra a redatora do proxecto, Victoria Alonso Caeiro, COAG 3013.

Conforme á Lei 38/1999 de 5 de novembro de Ordenación da Edificación, precisase a actuación de director de execución a recaer nun arquitecto técnico, debido a que é unha edificación de nova construción (artigo 2.2.a) da citada Lei) son obras polo que se nomea como tal para esta función a don Juan Manuel Caínzos Pinto COAATAC nº 3013, da entidade “Ensamble System S.L”. Dito técnico levará a cabo a Coordinación de Seguridade e Saúde da obra a executar.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución á empresa adxudicataria así como aos técnicos nomeados para Dirección de Obra, Dirección de execución e Coordinación de Seguridade e Saúde.

**QUINTO.-** Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade, aloxado na plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP)

**SEXTO.-** Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato, dentro do prazo máximo 15 hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que se reciba a notificación da presente adxudicación polo licitador. Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP).

### **3º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/64.-** **PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:**

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/64 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 6 facturas ascende á cantidade de SESENTA MIL NOVECIENTOS VINTE E DOUS EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (60.922,29 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

### **PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2021/64 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 60.922,29 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. Dixitalmente*)”

**A Xunta de Goberno Local, aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión a anterior proposta de Alcaldía.**

### **4º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE URBANISMO.-**

*Expediente de obra maior.-*

### **PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

**“- Expte. de obras 222/2020.- ELISEO ANTONIO OTERO LÓPEZ rep. por Francisco Javier Piñón Carro.-** Para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada no lugar de [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño en solo clasificado como **SUELO NO URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto **Javier Piñón Carro**.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 20 de outubro de 2021 e da secretaria municipal de data 1 de decembro de 2021 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Conceder** licenza construción de vivenda unifamiliar no lugar de [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Javier Piñón Carro e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: **CONDICIÓN DA LICENZA**) de data 20 de outubro de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.- APROBAR** a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 48,08 €. ICIO.- 1.629,6 €.

**Cuarto.- Aprobar** o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses .

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 29 de novembro de 2021.  
O Alcalde,  
Asinado/Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, a licenza de construción de vivenda unifamiliar conforme á proposta de Alcaldía transcrita.**

#### **5º.-CONTRATACIÓN PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS NADAL” 2021.-**

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O INICIO DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO PROGRAMA CONCILIA TEMPOS NADAL 2021:**

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de impulsar esta liña de conciliación dentro do servizo municipal Concilia Tempos e visto o informe do Departamento de Servizos Sociais emitido pola educadora social e que se transcribe a continuación:

#### ***“ INFORME DE NECESIDADE SOBRE A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS NADAL” (2021)***

*ANTECEDENTES* O programa Concilia Nadal levouse a cabo hai anos e propónse retomalo baixo a necesidade que algunhas familias teñen para organizar os tempos vacacionais cos seus fillos e fillas, e polo aumento considerable de participación nos últimos meses nos servizos de conciliación, o que fai valorar que existe a dita necesidade no Concello de Valdoviño.

#### ***OBXECTIVO***

*Desenvolver un recurso para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral cunha metodoloxía lúdicoeducativa que ofrezca un espazo seguro, educativo e divertido para nenos e nenas entre 3 e 12 anos nas vacacións de Nadal, a través da contratación dunha empresa externa especializada no sector lúdicoeducativo.*

#### ***CONTEXTUALIZACIÓN***

*O Programa desenvolverase en instalacións municipais que teñan un espazo interior e outro exterior cuberto, para un axeitado desenvolvemento da programación de actividades, e levarase a cabo durante 10 días: 23, 24, 27, 28, 29, 30, e 31 de decembro e 3, 4 e 5 de xaneiro, entre as 8:30 e as 14:30 horas.*

*A ratio será de 10-12 nenos e nenas por cada persoa profesional (sempre que non superen o 50% os nenos e nenas menores de 6 anos), partindo dunha previsión de 20-24 prazas para dúas persoas que acompañen.*

*PROCEDIMENTO* Enviouse unha solicitude de propostas técnicas e económicas a varias empresas do sector, estando o prazo aberto para a presentación e valoración das mesmas, resolvendo posteriormente a contratación do servizo coa que obteña unha mellor valoración.

*ORZAMENTO* O gasto para o desenvolvemento das actividades é incerto ao non saber o custo medio das propostas que se van presentar, mais considerando os prezos habituais deste tipo de actividades estímase que non superará os 2800 euros.

*En base a isto, INFORMO da necesidade de iniciar o procedemento administrativo de contrato menor para a contratación do Programa Concilia Tempos Nadal durante as vacacións escolares do ano 2021, condicionado pola posterior valoración das propostas presentadas e o correspondente informe de intervención.*

*Valdoviño, 29 de novembro de 2021 Iria García Martínez Educadora social*

**PROPOÑO:** á Xunta de Goberno Local a aprobación da posta en marcha do procedemento para a contratación do programa CONCILIA TEMPOS NADAL 2021 de conciliación da vida familiar, persoal e laboral, condicionada pola posterior valoración das propostas presentadas e o correspondente informe de intervención.

En Valdoviño, a 29 de novembro de 2021.  
Alberto González Fernández. O alcalde”

**A Xunta de Goberno Local, aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión a anterior proposta de Alcaldía.**

PARTE ACTIVIDADE

**6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

*/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*